

I.E.S. Elviña
Programación de Latín
Curso 2022-2023

- ÍNDICE PAXINADO (p.2)
- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN (p.3)
- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (pp.3,4)
- CONCRECIÓN DES OBXECTIVOS POR CURSO (p. 5)
- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (pp.6,7,8,9,10)
- TEMPORALIZACIÓN (pp.11,12,)
- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA(pp.11, 12)
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (p.12)
- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA (pp.13, 14)
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO (p.14)
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO (pp. 14, 15)
- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTES (pp. 15, 16)
- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (pp.16, 17)
- PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (p.17)
- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CONSECUCENCIAIS (p.18)
- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (p.19)
- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E DA EDUCACIÓN EN VALORES (p. 19)
- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR (p.20)
- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (p.21)
- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA (p.21)
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (p.22)
- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN . EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL E ONLINE(p.22)
- INFORMACIÓN AO ALUMNADO (p.23)

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O estudo das linguas clásicas é esencial para o coñecemento das linguas europeas, das súas literaturas, da historia da filosofía e de todas as ciencias por seren o latín o idioma exclusivo das universidades ata o século XIX e non digamos para o estudo da historia.

Se falamos das linguas clásicas falamos das esixencias de estudo, a capacidade de análise, de plantexamento e resolución de problemas non estándar, do dominio da lingua, da expresión ou do pensamento abstracto, que son as bases do coñecemento e o que debe fomentar un sistema educativo, racional e con ansias de promover a fórmula de aprender a aprender.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

4º ESO:

- A comunicación lingüística é a máis evidente por todo o citado anteriormente: a comprensión profunda da gramática funcional das linguas de orixe romance ou que recibiron unha aportación léxica importante ou linguas flexivas non romances.
- A competencia cultural e artística conséguese polo coñecemento do patrimonio arqueolóxico romano na península, así como a valoración crítica da cultura e mitoloxía grecolatinas que favorecen unha interpretación da arte e literatura posteriores.
- O coñecemento das institucións e modo de vida romanos como referente histórico de organización social contribuirá á competencia social e cidadana.
- Posto que unha parte da materia require da busca, selección e tratamento da información, fávórecese a competencia da información e competencia dixital.
- Toda a materia de latín, polas destrezas lingüísticas e culturais que esixe, permite a competencia de aprender a aprender. Do mesmo xeito aporta posibilidades de mellora e fávorece a iniciativa persoal e a autonomía.
- Interese polo estudo do latín como lingua instrumental en moitas ramas do saber. Isto comporta unha competencia en autonomía e iniciativa persoal.
- Valoración da tradución como un instrumento da comprensión do contido dun texto. É evidente que isto afecta á competencia en expresión cultural e artística; trátase de falar e escribir correcta e fermosamente.

- Aceptación de que nun mesmo texto pode haber diferentes traducións válidas.
- Interese pola gramática histórica que proporciona información e aclaracións sobre feitos da lingua aparentemente sen sentido .
- Interese polas aportacións da cultura latina á actual. Isto está intimamente relacionado coa competencia social e cidadá.
- Valoración positiva do latín como medio transmisor de cultura. As relacións entre ambas as dúas culturas pódese considerar competencia no tratamento da información ; esta información pódese levar a cabo coas novas tecnoloxías .

2º BACHARELATO:

- Interese por coñecer a gramática galega e doutras linguas romances a partir do estudo contrastado da latina; isto levará ao alumno cara a unha maior competencia lingüística, tanto no terreo oral como na lingua escrita.
- Valoración da precisión filolóxica e da fidelidade aos textos como base para o coñecemento da antigüidade; isto proporcionará unha competencia na busca de información.
- Interese polos datos obtidos de primeira man.
- Interese por explicar termos da lingua materna a través de vocábulos latinos dos textos; así o alumno aprenderá a aprender.
- Valoración positiva das aportacións do espírito clásico que conforman o ámbito cultural europeo. É claro que isto aumentará e fortalecerá as competencias sociais e culturais do alumnado.
- Respecto polas linguas e aspectos culturais e históricos de pobos desaparecidos ou do noso contorno actual.As competencias afectadas son tamén as sociais e as culturais.

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:

4º ESO:

- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.
- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita polo coñecemento do latín.
- Pola evolución fonética do latín ás linguas romances, identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- Entender o léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender tamén o vocabulario culto, científico e técnico.
- Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances a través da comparación co latín.
- Coñecer a cultura romana para valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional

2º BACHARELATO:

As directrices tomadas como obxectivos para os cursos anteriores son, a grandes liñas, válidas tamén para este curso; agora ben: neste curso cristalizarán todos os coñecementos adquiridos ata o momento coa finalidade de acceder ás traducións orixinais de autores latinos, o acceso directo aos textos.

Polo tanto, podemos sintetizar dicindo que o obxectivo deste curso será adquirir habilidades na tradución de autores orixinais e profundizar no estudo da cultura e historia romanas como referencia dos nosos modelos culturais.

CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: SECUENCIA DE CONTIDOS:

4º ESO:

Tema 1:

Como se le o Latín?. Morfoloxía do nome.Cantas declinacións hai e como son?.

Morfoloxía do verbo.

A lingua latina .

A fundación de Roma: entre o mito e a historia. Literatura: a épica. Protagonistas da historia de Roma: Virxilio.

Tema 2:

A primeira declinación. Presente de indicativo da primeira e a segunda conxugación.

Presente de indicativo do verbo “sum”.

O latín, lingua con historia.

Léxico patrimonial e cultismos.

A Monarquía. A vida cotiá: Como se chamaban os romanos? Protagonistas da historia de

Roma: Tarquinio o Soberbio.

Tema 3:

Segunda declinación. Adxectivos de tres terminacións. Presente de indicativo da terceira e cuarta conxugacións.

O latín vulgar.

Prefixos de orixe latino.

A República. Literatura: a comedia. Protagonistas da historia de Roma: Aníbal.

Tema 4:

A terceira declinación I. Imperfecto de Indicativo.

As linguas románicas na actualidade I.

Radicais latinos I.

Maxistraturas e institucións da República. A vida cotiá: a propaganda electoral en Pompeia.

Protagonistas da historia de Roma: Catón o Censor.

Tema 5:

A terceira declinación II. Futuro imperfecto. Imperfecto e futuro imperfecto de indicativo de “sum”.

As linguas románicas na actualidade II.

Radicais latinos II.

O fin da República. Literatura: a oratoria. Protagonistas da historia de Roma: Cleopatra.

Tema 6:

A terceira declinación III. Pretérito perfecto de indicativo.

Os primeiros textos en castelán e galego.

Sufixos de orixe latina.

O alto Imperio. A vida cotiá: A “damnatio memoriae”. Protagonistas da historia de Roma:

Adriano.

Tema 7:

Adxectivos da terceira declinación. Pronomes I. Demostrativos.

Evolución das vogais I.

Latinismos I

As clases sociais. Literatura: a lírica. Protagonistas da historia de Roma: Livia Drusila.

Tema 8:

Pronomes II. Cuarta e quinta declinación.

Evolución das vogais II.

Latinismos II.

O Baixo Imperio. Literatura: o epigrama. Protagonistas da historia de Roma: Serena.

Tema 9:

Pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo. Pronome relativo.

Evolución das consoantes.

Campos semánticos I. A ciencia e a técnica.

Roma en Hispania e Gallaecia. A vida cotiá: como se vivía nunha colonia romana.

Protagonistas da historia de Roma: Viriato.

Tema 10:

Voz pasiva I. Temas de presente. O participio.

Evolución de substantivos e adxectivos.

Campos semánticos II. A relixión.

A relixión romana. A vida cotiá: os sacrificios. Protagonistas da historia de Roma: Calígula.

Tema 11:

Voz pasiva II. Temas de perfecto. Grados do adxectivo I. O comparativo.

Evolución dos verbos.

Campos semánticos III. Tópicos literarios.

A mitoloxía romana. Literatura: a elexía. Protagonistas da historia de Roma: Ovidio.

Tema 12:

O infinitivo. Grados do adxectivo II. O superlativo.

Evolución dos demostrativos.

Campos semánticos IV. O vocabulario xurídico.

O dereito romano. A vida cotiá: os banqueiros. Protagonistas da historia de Roma: Marco Tulio Cicerón.

2º BACHARELATO:

Este curso comprende catro partes:

- Tradución aplicando os estudos de gramática.
- Literatura latina: panorama xeral.
- Vocabulario etimolóxico castelán e galego. Topónimos. Locucións latinas.
- Historia de Roma.

Os temas de **gramática** serán semellantes aos do primeiro curso de Bacharelato, pero o seu estudo será máis completo e profundo:

Tema 1:

Primeira e segunda declinación.

Tema 2:

Terceira declinación.

Tema 3:

Cuarta e quinta declinación.

Tema 4:

Comparativos e superlativos.

Tema 5:

Numerais.

Tema 6:

Pronomes persoais e posesivos.

Tema 7:

Pronomes-adxectivos demostrativos. Adverbios de lugar demostrativos.

Tema 8:

Oracións de relativo. Os relativos compostos. Relación en función demostrativa.

Tema 9:

Pronomes e oracións interrogativas. Interrogativas directas e indirectas.

Tema 10:

Pronomes indefinidos I.

Tema 11:

Indefinidos II. Adverbios de lugar.

Tema 12:

Morfosintaxe do verbo. Tempos do sistema de presente.

Tema 13:

O tema de perfecto. O tema de supino.

Tema 14:
Oracións activas e pasivas. Verbos deponentes e semideponentes. O ablativo axente.

Tema 15:
Verbos irregulares I. O verbo “sum” e os seus compostos. “Possum”.

Tema 16:
Verbos irregulares II. Defectivos e impersoais.

Tema 17:
O infinitivo: formas e usos. Oracións en infinitivo.

Tema 18:
O participio: formas e usos.

Tema 19:
Xerundio, xerundivo, conxugación perifrástica. Supino.

Tema 20:
A oración simple. Os casos. Nominativo e vocativo. Concordancia “ad sensum”.

Tema 21:
O acusativo.

Tema 22:
O dativo.

Tema 23:
O xenitivo.

Tema 24:
O ablativo.

Tema 25:
Complementos de lugar. Os adverbios.

Tema 26:
Oracións compostas. Coordinadas e subordinadas. Atracción modal.

Tema 27:
Oracións circunstanciais I. Finais, consecutivas, causais e temporais.

Tema 28:
Oracións circunstanciais II. Comparativas, condicionais e concesivas. O estilo indirecto.

Os temas de **literatura** agruparíanse nos seguintes epígrafes:

Tema 1:
A literatura latina: conceptos xerais.

Tema 2:

A historiografía romana: estudo especial de Tito Livio.

Tema 3:

A filosofía. A oratoria. A ciencia. Estudo específico de Cicerón.

Tema 4:

A novela e o teatro en Roma: Petronio, Apuleio, Plauto e Terencio.

Tema 5:

A epopeia romana. Estudo específico de Virxilio.

Tema 6:

A poesía lírica. Catulo, Tibulo, Propercio, Ovidio. Especial atención a Horacio.

Tema 7:

A sátira e o epigrama. Marcial e Subvenla.

Tema 8:

Introducción á literatura latino-cristiá.

Os autores nos que se profundizará serán pois: Plauto, Tito Livio, Cicerón, Virxilio e Horacio, dacordo coas directrices do Grupo de Traballo encargado da elaboración dos exames das ABAU.

Temas de **historia**:

Complementando o curso anterior, afondarase na historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Farase un estudo pormenorizado da romanización na Península Ibérica e de Gallaecia en particular. Estudaránse as pegadas de dita romanización.

Temas de **semántica**:

Estudarase o vocabulario latino en relación ao español e ao galego: indicaráse a evolución experimentada e os seus resultados nas linguas romances.

Neste apartado haberá que incluír dous aspectos esixidos polo Grupo de Traballo:

- Frases feitas en latín. Locucións latinas de uso actual. Imprescindible será o estudo da lista elaborada polo Grupo de Traballo.

- Toponimia. Hai tamén unha lista enviada polo Grupo das PAU referida a topónimos galegos e algúns casteláns de especial importancia.

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS:

4º ESO:

Primeira avaliación: Temas 1, 2, 3, 4

Segunda avaliación: Temas 5, 6, 7, 8

Terceira avaliación: Temas 9, 10, 11, 12.

GRAOS MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA:

Esta secuenciación de contidos non é obstáculo para que se cambie a orde dependendo das necesidades, inquietudes ou deficiencias do alumnado de cada curso. A final de curso intentarás facer (en función do tempo existente) un repaso xeral e dar unha visión de conxunto acerca da lingua e cultura romana

GRAOS MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA:

É moi importante non esquecer a relevancia que toma nunha lingua o feito de ser avaliación continua. Sempre serán esenciais os coñecementos incorporados anteriormente e xogarás con eles .

Intentarás facer un repaso final co obxecto de levar unha sólida base gramatical para o curso seguinte, curso no que cristalizarán todos os saberes (ou carencias) adquiridos ata o momento

2º BACHARELATO:

- Primeiro trimestre:

Temas do 1 ao 14 de gramática.

Temas do 1 ao 4 de literatura.

Tradución de Eutropio.

- Segundo trimestre:

Temas do 15 ao 28 de gramática.

Temas do 5 ao 8 de literatura.

Estudo de topónimos e locucións latinas.

Tradución de Fedro.

- Terceiro trimestre:

Estudo da historia romana.

GRAOS MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA:

Profundización e axilización na tradución dos autores con vistas ás probas das ABAU. Os autores traducidos poden ser moi variados pero prestaremos unha especial atención aos autores recomendados para as probas de acceso á Universidade. Estes últimos anos foron Eutropio (en prosa) e Fedro (en verso).

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

4º ESO:

- Estudaráse a lingua latina como modelo de lingua flexiva e reflexionárase sobre os mecanismos sintácticos do latín e do galego e castelán.
- A práctica da tradución constituirá unha experiencia de investigación que utilizará a lóxica do pensamento e o uso da memoria.
- O estudo da historia e evolución da lingua latina dará os coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística.
- A materia abordará o coñecemento da historia e sociedade romana como transmisión de modos de conducta, institucións ou creacións literarias que están na configuración de Europa.

2º BACHARELATO:

- Identificación e análise, en textos orixinais, dos elementos da morfoloxía irregular e da sintaxe da subordinación, e comentario das súas variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.
- Tradución coherente á lingua materna de textos latinos de certa complexidade pertencentes a xéneros literarios diferentes.
- Tradución inversa de textos breves utilizando as estruturas propias da lingua latina.
- Comparación do léxico latino co doutras linguas e dedución de regras básicas de derivación e de composición.
- Comprobación da existencia de vocabulario específico de orixe grecolatina de uso habitual nas distintas disciplinas.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA:

4º ESO:

- Identificar aspectos históricos e culturais en autores clásicos ou modernos. (Competencia social).
- Coñecer a mitoloxía clásica como fonte de inspiración nas manifestacións literarias e artísticas. (Competencia social).
- Identificar as pegadas da romanización. (Competencia social).
- Aplicar a evolución fonética a étimos latinos e establecer relacións entre termos patrimoniais e cultismos (Competencia lingüística)
- Identificar orixes grecolatinas na linguaxe cotiá e no vocabulario científico e técnico e explicar o seu sentido etimolóxico. (Competencia lingüística)
- Recoñecer latinismos e locucións e explicar o seu significado. (Competencia lingüística)
- Recoñecer elementos morfolóxicos e sintácticos do latín e comparalos coa lingua materna. (Competencia lingüística)
- Traducir textos sinxelos do latín . Facer retroversións elementais. (Competencia lingüística)
- Elaborar un traballo sinxelo sobre un aspecto da produción artística e técnica , a historia , as institucións ou a vida cotiá. (Competencia aprender a aprender).

2º BACHARELATO:

A grandes rasgos, son válidos os criterios de avaliación anteriormente citados nos cursos precedentes, pero neste curso de segundo de Bacharelato as probas serán fundamentalmente de tradución; haberá probas con e sen diccionario, sendo máis importantes aquelas que enfronten ao alumno directamente con textos descoñecidos para el.

Haberá sempre unha parte adicada aos temas culturais, especialmente os temas esixidos polo Grupo de traballo para as probas da Universidade, pero esta parte nunca superará o 30% da nota final. Trataráse de avaliar tamén mediante a análise dos traballos ou tarefas de clase de distinto tipo: individuais, en grupo, na aula ou fóra dela, seguidos moi de preto polo profesor da materia

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO:

Ademais dos libros de texto, utilizaráanse como base os textos dos autores orixinais latinos e no curso de segundo, un diccionario que poderá ser latino-español ou latino-galego. Non descartamos o uso dos libros existentes na biblioteca referidos non só á gramática, senon tamén á cultura, historia e civilizacións latinas.

En cuarto da ESO utilizaráse o libro da editorial Edebé ou Rodeira; en primeiro de Bacharelato o mesmo libro de 1º de Bac; o citado libro será de consulta para o curso seguinte e completado co material que proporcionará o profesor. Este material consistirá nos textos de Fedro e Eutropio que serán de obrigada tradución para as ABAU, así como os temas de literatura, os textos de lectura obrigatoria, os temas de etimoloxía, composición e derivación e os topónimos e frases feitas. O devandito material poderá ser proporcionado en arquivos informáticos (vía virtual) ou papel impreso (vía analóxica).

Incluiráse aquí todo o referido ás TIC e o material utilizado ou utilizable polo Departamento.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguiranse os criterios anteriormente establecidos na programación, sempre seguindo a esixencia dos contidos mínimos pertinentes.

A avaliación será continua, dividida en tres períodos, e comprenderán tantas probas como acorden alumnos e profesor (se non hai acordo seguiráanse as directrices do profesor). En todos os cursos terásese en conta o traballo diario (10 %), a actitude, a consecución de competencias e a presentación coidada e sen faltas de ortografía, ademais da riqueza de expresión. Sempre que sexa posible, O profesor levará constancia do traballo cotiá efectuado polo alumnado no seu diario de clase.

As probas de lingua serán determinantes da nota nun cincuenta por cento, e o resto das probas relacionadas con cultura, historia, literatura, etimoloxía, etc. Serán o outro cincuenta por cento. En cada unha das partes deberá obterse un mínimo de cinco para poder realizarse a nota media.

En suma: a avaliación será continua, dividida en tres períodos, e comprenderán tantas probas como acorden alumnos e profesor. En todos os cursos terásese en conta o traballo diario, a actitude, a consecución de competencias e a presentación coidada e sen faltas de ortografía, ademais da riqueza de expresión.

O procedemento para obter a cualificación final será a media ponderada de todas as notas das avaliacións. A primeira e a segunda serán o vintecinco por cento da nota final cada una, e a terceira o cincuenta por cento, tendo un maior peso posto que entrarán todos os contidos do curso. Se non se acada o aprobado daráselle ao alumnado a posibilidade de recuperación nunha proba global. O método para o redondeo será o método ISO. A nota mínima esixida será de cinco. A copia fraudulenta dun exercicio conlevará a cualificación de cero.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia .

O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame

En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.

A nota do exame será a nota da avaliación.

No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizarase a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.

A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.

Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.

En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.

No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerarase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

4º ESO:

O alumnado deberá saber os seguintes apartados:

Gramática: Sistema de declinacións e conxugacións da lingua latina.

Semántica: Historia e evolución da lingua latina. Formación de palabras.

Cultura: Vías de transmisión do mundo clásico.

Poderíamos concretar os contidos mínimos nos tres anteriores apartados;

-**Gramática**: Declinacións (incluíndo adxectivos e pronomes). Conxugacións :verbos regulares e irregulares, voz activa e pasiva. Tradución de textos sinxelos.

-**Semántica**: Vocabulario latino e o seu referente nas linguas romances. Prefixos e sufixos latinos. Latinismos. Campos semánticos. Evolucións do Latín.

-**Cultura**: Vida cotiá. Relixión e mitoloxía. Dereito. Sociedade. Historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Literatura latina: Epica, comedia, oratoria, lírica, epigrama, elexía.

Non se pode prescindir do coñecemento de ningún dos tres apartados, aínda que o de Gramática será o que máis peso teña. Sen os coñecementos básicos de Gramática, a materia non será superada.

Utilizaremos como libro de texto o de Latín de Rodeira.

2º BACHARELATO:

O alumnado deberá saber:

-**Gramática**: Morfoloxía e Sintaxe latinas estudadas coa suficiente complexidade como para traducir autores orixinais.

- **Semántica**: Vocabulario latino, galego e castelán , con especial referencia aos autores traducidos.

- **Tradución** con e sen diccionario de textos orixinais. Os autores latinos serán os que dictamine o Grupo de Traballo das ABAU. Estes últimos anos foron Eutropio e Fedro; pero non se descartan autores como César, Cicerón, Virxilio ou Ovidio.

- **Cultura**: Nocións básicas de Literatura, con especial atención aos temas indicados no Grupo de Traballo. Institucións, historia, vida e costumes da antiga Roma. Toponimia. Estudo de locucións latinas de uso actual. Evolucións semánticas do Latín ás linguas romances.

- **Lectura obligatoria** dunha obra de literatura clásica dictaminada polo Grupo de Traballo das PAU.

Nota importante:

A avaliación será continua, dividida en tres períodos, e comprenderán tantas probas como acorden alumnos e profesor (se non hai acordo seguiránse as directrices do profesor). En todos os cursos terase en conta o traballo diario, a actitude, a consecución de competencias e presentación coidada e sen faltas de ortografía, ademais da riqueza de expresión.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:

En cada curso explicarase detidamente na aula os contidos mínimos que deben superar e como facelo. No caso de que o alumno quede coa materia pendente, o profesor fará un plan individualizado para cada un dos rapaces incidindo nas carencias que posúan. Sempre todo isto irá acompañado dunha batería de exercicios que o alumno deberá realizar e o profesor supervisar.

Haberá unha división trimestral correspondente aos estándares de aprendizaxe e haberá tamén unha proba global que se efectuará en maio de non ter superadas as anteriores.

PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO (NA ESO):

O profesor adicará especial interese aos alumnos repetidores trazando un plan personalizado de axuda individual. Sempre que se poida integrarase ao alumno en tarefas comúns (especialmente na tradución) pero intentando solucionar os problemas de base. Normalmente os alumnos que teñen problemas nos cursos de latín son alumnos con deficiencias gramaticais de dous tipos: a) problemas coa súa lingua materna; neste caso intentarase unha colaboración cos departamentos de castelán e galego; b) deficiencias na propia gramática latina; neste caso faranse exercicios especiais e aportaranse explicacións máis axeitadas aos niveis anteriores que ao propio curso.

A cualificación das materias pendentes estará baseada en dous factores. Por unha banda, a realización das actividades de reforzo por parte do alumno, que serán corrixidas e explicadas polo profesor que imparta a materia. Por outra banda, a superación dos exames postos polo departamento seguindo sempre os obxectivos e os contidos mínimos. Haberá asimismo unha proba extraordinaria (esixida por lei) no mes de maio. Esta proba extraordinaria non será preciso facela se o alumno cumpriu cos requisitos mínimos solicitados polo departamento.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES (EN BACHARELATO):

Todo o citado anteriormente é perfectamente plausible para os cursos de Bacharelato. Só hai un detalle que aclarar: se o alumno segue escollendo Latín será máis doado para o profesor facer un seguemento individualizado; se, pola contra, o alumno abandonou a materia, sería preciso ter unhas clases de recuperación posto que se trata dunha asignatura dificilmente preparable sen axuda externa. En todo caso, o alumno sempre recibirá asesoramento nas tarefas que lle será imprescindible realizar.

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS:

No caso da materia que estamos a tratar, é imprescindible realizar unha proba inicial, como xa dixemos, para acreditar os coñecementos previos. Debido ás coxunturas legais, un alumno pode escoller Latín tanto se o cursou no curso anterior de 4º ou non. En todo caso, o profesor está obrigado a encher os ocos existentes facendo un repaso do curso previo e atendendo individualmente cada caso.

Se se trata dun alumno que pretende escoller Latín en segundo de Bacharelato sen telo escollido en primeiro, funcionará como se fose un alumno coa materia pendente, e se realizará o mesmo seguemento que se así se tratase. Teráse en conta que un alumno de Bacharelato xa dispón de certa autonomía persoal que lle permitirá conseguir os obxectivos mínimos esixibles.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Consistirá nunha proba inicial no curso de 4º da ESO que abranguerá diversos contidos. Dunha banda as habilidades lingüísticas existentes en cada individuo: as posibilidades de construír un discurso coherente e as destrezas da lingua que poida ter ou non.

Doutra banda indagaráse nos coñecementos históricos e sociolóxicos relacionados coa materia. Sponse que o alumnado non é unha tabula rasa e que traballou no mundo clásico nos primeiros cursos de Ciencias Sociais do primeiro ciclo. Con todo isto o profesor estudará os resultados obtidos dun xeito individual pero tamén colectivo, observando a dinámica de cada alumno en particular e do grupo en xeral.

Polas características da materia impartida, de carácter propedéutico, realizaránse tamén probas iniciais nos cursos de Bacharelato para determinar a solidez dos coñecementos adquiridos nos cursos anteriores e solucionar as posibles carencias que existan por parte do alumnado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Teráanse sempre en conta os factores múltiples que operan dentro da aula, especialmente os factores humanos. Habitualmente pódese utilizar o espazo da aula como centro de operacións para compensar as variadas diferenzas existentes entre o alumnado. Resulta bastante sinxelo facer interactuar aos alumnos aventaxados con alumnos con máis dificultades, pois no proceso práctico das traducións funciona moi ben a multiplicidade.

No caso de complicacións físicas apoiáremonos na axuda dos especialistas, como xa sucedeu cun alumno con dificultades visuais e a axuda recibida pola ONCE; sucedería o mesmo con outros alumnos de discapacidades diferentes.

Asemade, cómpre sinalar que, na medida do posible, atenderemos tamén aos distintos por exceso de capacidades cunha atención individualizada e un seguemento funcional e operativo, como xa sucedeu tamén en cursos anteriores.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

A contemplación da vida dun Imperio, que, como todos, non é perenne, leva á reflexión dos movementos da Historia. Haberá unha valoración positiva e negativa do que este pobo colonizador aportou. Reflexionará o alumno sobre o seu papel como individuo dentro dunha sociedade: a liberdade e a escravitude.

A materia abordará o coñecemento da historia e sociedade romana como transmisión de modos de conducta, institucións ou creacións literarias que están na configuración de Europa. O alumno convírtese progresivamente en cidadán ou cidadá. O coñecemento das institucións e modo de vida romanos como referente histórico de organización social contribuirá á competencia social e cidadana.

O papel desenvuelto pola muller será estudado en profundidade con obxecto de valorar a súa evolución intrínseca, dentro da propia sociedade romana, e extrínseca, en relación ao papel da muller na actualidade: nesta sociedade occidental e noutras diferentes noutros puntos xeográficos.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

A nosa materia consiste fundamentalmente nunha lectura de textos clásicos co fin de achegar a cultura grecolatina á nosa cultura, e así ver as orixes do noso pensamento occidental con todas as súas connotacións, tanto positivas como negativas. O alumno profundizará no coñecemento de sí mesmo como individuo e como membro dunha comunidade e comprobará que “nihil novum sub sole”. Todos os cursos de latín teñen como finalidade a comprensión de textos (xa sexan traducións ou textos orixinais, segundo o nivel acadado); polo tanto, o sentido da palabra “lectura” como “interpretación do sentido dun texto” adquire aquí todo o seu profundo significado.

Para reafirmar o dito anteriormente, podemos axudarnos dalgunhas lecturas concretas para cada curso:

4º E.S.O:

- Lectura de clásicos adaptados, como por exemplo A Eneida.
- Lectura de novelas detectivescas ambientadas na Roma antiga, como as de Lindsay Davis (ejemplo: A prata de Britania) ou Steven Taylor (Sangue romano).
- Os alumnos aventaxados poden ler novelas históricas de calidade, como é o caso de Eu, Claudio de Robert Graves ou Memorias de Adriano de Marguerite Yourcenar. A lectura da obra de Graves acerca da dinastía Xulio-Claudia poderíase compatibilizar coa visión dalgúns capítulos da reputada serie da BBC dos anos 70.
- Introducción á lectura dalgúns textos sinxelos en latín orixinal.

2º Bacharelato:

- Lectura directa de autores latinos, dun xeito particular de Eutropio (Breviarium) e de Fedro (Fabulae), por seren os autores que deberán traducir e analizar nas probas de acceso á Universidade.
- Lectura de autores clásicos na lingua materna do alumno. Esta lectura dependerá das directrices do Grupo de Traballo das PAU ou do que se propoña coa LOMCE; habitualmente trátase dalgúns libros das Metamorfoses de Ovidio, algunha obra de teatro de Plauto, unha selecta de poemas de Catulo, algún discurso como exemplo de Retórica (discurso de Calgaco e Agrícola)... Quedamos á espera das instrucións do coordinador.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Aproveitaráanse os recursos das novas tecnoloxías, facendo que o alumno investigue e traballe pola súa conta coa colaboración do profesor. Hai multitude de páxinas extraordinariamente interesantes para o estudo do mundo clásico e doadamente accesibles para o alumnado. Pero é preciso sinalar as escasas posibilidades de acceder a unha sala informatizada ou de posuír ordenadores para os rapaces; supoñemos que isto terá solución a longo prazo.

Proxectaránse asimismo, cando sexa convinte, vídeos ilustrativos da historia, arte ou ficción (exemplo: Yo, Claudio, Roma, Espartaco, Gladiator...) colaborando, sempre que sexa posible, co departamento de ciencias sociais.

Tamén se procurará a proxección de imaxes de distintos temas de arte relacionados co mundo romano. Hai unha enorme cantidade de vídeos interesantes referidos ao mundo clásico no canle de YouTube.

Cómpre destacar asimismo a participación dos departamentos de linguas clásicas no concurso on line anual organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos (SEEC) e a a entusiasta colaboración de todos os alumnos das nosas materias.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:

Dado que o noso centro ten un equipo dedicado ao plan de convivencia e está inscrito nun contrato programa, desde o Departamento se contará en todo momento coas directrices apuntadas polo devandito equipo. Buscaráse a mellora da convivencia tanto na aula como fóra dela e acudiráse ás estratexias suxeridas polo grupo de convivencia para solucionar os posibles problemas que poidan surxir na coexistencia cotiá das numerosas individualidades.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Con respecto ás actividades extraescolares e complementarias, hai que destacar a participación no concurso **Odisea**, con resultados moi satisfactorios.

Este certame, malia que aberto a todos os alumnos e as alumnas dos Centros, está dirixido principalmente aos profesores e alumnos de Cultura Clásica, Latín e Grego, e non pretende outra cousa que sacar a Cultura Clásica das aulas, alomenos por uns días. As preguntas cinxíranse ao currículo de Cultura Clásica, Latín e Grego que se ensina nos centros e, como se establece nas bases, cada día versarán sobre temas concretos.

Outra das actividades anuais é a asistencia ás **xornadas de teatro grecolatino** (unha traxedia e unha comedia), de extraordinaria utilidade tamén para os alumnos especialmente de Bacharelato. Estas xornadas lévanse a cabo en Lugo ou en Coruña, e inclúen obras de obrigado estudo no currículo de Bacharelato.

Outra actividade anual é a **viaxe organizada pola SEEC a Grecia**. Naturalmente, dependerá das condicións da pandemia da COVID. Todos estes proxectos serán realizados coa estreita colaboración do departamento de Grego (e de Ciencias Sociais, se hai ocasión).

REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:

A programación anual será sometida a unha análise constante por parte dos membros do Departamento para comprobar a súa eficacia, pero especialmente en cada avaliación e ao final de curso.

Nas memorias anuais estarán incluídos todos os pormenores de seguimento e cumprimento da devandita programación e os resultados académicos obtidos en función dela e do traballo do profesorado que imparta a materia.

Haberá unha estreita colaboración cos Departamentos estreitamente relacionados con estas materias como os de Linguas ou Ciencias Sociais, estudando os problemas que poidan surxir no desenvolvemento desta programación.

Debido ás circunstancias especiais deste curso provocadas pola COVID, se hai que impartir ensino a distancia ou semipresencial farase por medio da aula dixital e atendendo personalmente ao alumnado cos seus correos electrónicos. Os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación serán similares aos presenciais dentro do posible.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

Sen dúbida algunha o primeiro paso para o cumprimento da programación é a difusión entre o alumnado dos seus contidos.

O profesor do Departamento deberá informar coidadosamente de cada aspecto da programación, en particular dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación. Deberá responder a todas as preguntas que poidan surxir por parte dos alumnos aclarando todos os aspectos que puideran quedar confusos. Asimesmo, a ser posible, deberá publicar en cada aula ou no departamento os contidos mínimos esixibles.

**Programación do curso
2022-2023:**

Grego II (2º Bacharelato)

I.E.S. Elviña

1. Índice	1
2. Introducción e contextualización	3
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Estándares de aprendizaxe	4-9
4. Concreción dos obxectivos por curso	10-13
5. Estándares de aprendizaxe avaliáveis	13-15
6. Temporalización	15-24
7. Mínimos esixibles	24-27
8. Procedementos e instrumentos de avaliación	28-30
9. Concrecións metodolóxicas que require a materia	31-32
10. Materiais e recursos didácticos	32
11. Criterios de avaliación, cualificación e promoción	33-36
12. Indicadores de logro para avaliar o proceso docente	37-38
13. Actividades de seguimento das materias pendentes	38
14. Procedementos para acreditar os coñecementos previos	38
15. Deseño da avaliación inicial e medidas resultantes	38
16. Medidas de atención a diversidade	39-45
17. Concreción de elementos transversais	45
18. Actividades complementarias e extraescolares	46
19. Accións de contribución ao proxecto lector	46-47
20. Accións de contribución ao plan TIC	47-51
21. Accións de contribución ao plan de convivencia	51-53
22. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación.	
Educación semipresencial e a distancia	53-54

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Grego concíbese nos dous cursos de Bacharelato como unha introdución xeral á lingua grega antiga, máis concretamente ao ático clásico dos séculos V-IV a.n.e., a través de textos orixinais – aínda que durante o primeiro curso precisarán retoques que os fagan accesíbeis –. A lingua será o vehículo privilexiado de acceso aos contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos, etc, polo que na súa aprendizaxe se considerará prioritaria non só a morfoloxía, senón a formación e derivación de palabras, a sintaxe e o léxico.

Non se trata só de que a alumna ou o alumno aprenda grego, senón de que sexa así máis consciente das raíces históricas da súa propia lingua e cultura. Tales obxectivos enténdense referidos aos dous cursos: o primeiro deberá ser introdutorio; o segundo, de afondamento e ampliación.

Esta programación didáctica recolle a experiencia docente do profesorado que integra este departamento e responde con cambios formais as esixencias que a administración educativa fai chegar ao profesorado a través das direccións dos centros. Como se pode comprobar, responde a normativa legal vixente e recolle as súas disposicións a día de hoxe. A finalidade última é garantir que o alumnado que opte por esta materia poida acceder a un sistema educativo que o prepare para estudos superiores en funcións das súas necesidades e intereses.

Para conseguir isto último o departamento didáctico de grego do I.E.S. Elviña de Coruña está formado por unha profesora: Purificación E. Araújo Quinteiro, profesora de Latín, que impartirá Grego en 1º e 2º de Bacharelato e completará o seu horario .

XEFATURA DE DEPARTAMENTO

Nestas sesións tratarase de desenvolver as funcións de xefe de departamento que consisten, ao principio do curso, en modificar e reelaborar as programacións de grego do curso pasado; posteriormente, en revisalas, analizar os resultados das avaliacións, e tomar as decisións pertinentes á vista destes resultados. Tamén adícase tempo a elaborar ou adaptar materiais para o traballo na clase, a preparar as tarefas que poidese encargar a comisión de coordinación pedagóxica, e a organizar e desenvolver as demais actividades do seu ámbito legal de competencias.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Estes obxectivos xerais do Grego pretenden concretar, matizar e adaptar os da etapa de Bacharelato establecidos por lei, así como adaptarse aos propostos polo DCB e o Desenvolvemento Curricular proposto polo grupo de traballo da CIUGA, e adecuarse aos do Proxecto Curricular de Centro.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as seguintes capacidades:

- Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega clásica, iniciándose na interpretación e tradución de textos sinxelos, e incorporando paulatinamente outros de crecente e moderada complexidade.

- Coñecer o léxico científico e técnico das linguas de uso mediante o coñecemento de raíces gregas de gran produtividade etimolóxica.

- Constatar e valorar a herdanza do grego, sobre todo a nivel léxico e sintáctico, nas linguas modernas da cultura europea, especialmente nas da comunidade autónoma.

- Reflexionar sobre os distintos continentes ou mecanismos empregados por diferentes linguas como medio para transmitir uns mesmos contidos ou mensaxes, observando as diferencias lingüísticas como resultado dos modos de expresión propios de cada pobo, comunidade ou civilización.

Estes obxectivos, de tipo fundamentalmente lingüístico, están ben relacionados con algúns dos obxectivos xerais do Bacharelato: a comprensión dos elementos e procedementos fundamentais do método científico na disciplina de que se trate, neste caso nunha de carácter lingüístico-humanístico como o Grego; o coñecemento das linguas oficial e cooficial da comunidade; e a expresión fluída en unha ou máis linguas estranxeiras. Dende este punto de vista, o estudo e coñecemento do grego antigo contribuirá a:

- proporcionar unha clara visión da orixe, desenvolvemento e evolución das linguas da alumna ou alumno.
- ampliar e mellorar a súa formación lingüística e literaria.
- ordear determinados aspectos básicos da lingüística xeral, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.
- reforzar o coñecemento e a expresión oral e escrita das linguas propias, fixar as súas estruturas lingüísticas, e mellorar as condicións para abordar o estudo doutros idiomas.

- dominar o léxico de orixe grega que se atopa nas nosas linguas modernas de cultura.
 - ensanchar o horizonte intelectual das alumnas e dos alumnos, familiarizándoos con un enfoque comprensivo das diferentes culturas a través das súas linguas respectivas.
-
- Coñecer someramente os aspectos básicos da cultura e civilización grega e iniciarse, sobre todo no Grego II, no coñecemento xeral do legado literario de Grecia.

 - Analizar, interpretar e comentar diversos textos gregos orixinais, adaptados e traducidos, sobre aspectos históricos, literarios (e culturais en xeral) do mundo grego.

 - Aproximarse ao mundo xeográfico, histórico, literario, relixioso, político, filosófico, científico e cultural en xeral, da antigüidade grega, a través da súa lingua e das súas manifestacións artísticas (literatura, mito, arte, arqueoloxía).

 - Comprobar as distintas formas con que o legado grego evidencia a súa presenza no mundo actual, establecendo posibles relacións por afinidade ou contraste, e valorando as súas aportacións nas distintas áreas da cultura (historia, literatura, filosofía, política, ciencia, arte, estética, arquitectura e urbanismo, etc) ao desenvolvemento histórico e cultural de Occidente.

Neste sentido pódese recordar que o currículo de Bacharelato ten entre os seus obxectivos o feito de que as alumnas e alumnos sexan capaces de coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, e os antecedentes e factores que inflúen nel; ler e

analizar obras literarias; así como desenvolver a sensibilidade artístico-literaria e o criterio estético como fontes de información e enriquecemento cultural. Será ante todo na lectura e na análise de textos onde a alumna ou o alumno debe intentar captar a herdanza e pervivencia do mundo clásico, e especialmente do grego.

O estudo do Grego constitúe un instrumento moi útil que se debe pór ao alcance das alumnas e dos alumnos coa intención de poder analizar e valorar de modo crítico o seu propio mundo. Trátase do vehículo dunha cultura orixinal, da cal o valor modélico xa viron os propios gregos; os seus rasgos característicos desembocaron na acuñación de ideas e conceptos tales como “estética”, “ética”, “filantropía”, “autonomía”, “democracia” ou “política”.

Nun momento como o actual, no que progreso científico e tecnolóxico está tan presente na nosa vida cotiá, resulta de gran valor o feito de que as alumnas e os alumnos sexan conscientes da súa herdanza cultural, non reducindo a súa perspectiva á consideración dun presente illado e tendo en conta os antecedentes e factores que teñen contribuído a conformalo. Trátase de coñecer e analizar aqueles elementos históricos, sociais, literarios, culturais e de pensamento do mundo grego antigo que, por seguiren presentes dalgún xeito na actualidade, axudan a comprender mellor a cultura do noso mundo occidental e que constitúen unha das chaves máis acertadas para entender ao ser humano universal.

- Adestrarse en técnicas sinxelas de análise filolóxica (rudimentos do método comparativo) mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das linguas, familiarizándose con aqueles rasgos da lingua grega que axudan á comprensión e mellor coñecemento das modernas.

- Aplicar correctamente técnicas básicas de análise e interpretación en diversos campos lingüístico-literarios: tradución de textos gregos, análise morfolóxica dos elementos constitutivos das palabras (categorías gramaticais e formación de

palabras), estruturas sintácticas, etimoloxías, manexo e comentario de textos de variada índole, etc.

- Mostrar interese e familiarizarse co uso oportuno e adecuado de gramáticas, dicionarios, léxicos, manuais de historia e literatura, atlas da antigüidade, tratados e guías de mitoloxía, ou outro tipo de fontes documentais ás que están acostumados.

Tamén o currículo do Bacharelato ten como obxectivo primordial desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades: afianzar a iniciativa persoal e os hábitos de lectura, estudo e disciplina como medio de aprendizaxe eficaz e de desenvolvemento persoal; dominar as habilidades básicas propias da súa modalidade (neste caso, a de Humanidades); traballar de forma sistemática e con discernimento sobre criterios propios e alleos e fontes de información diversas; así como tamén comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos en disciplinas de carácter lingüístico-humanístico coma o Grego.

- No plano lingüístico, o grego como lingua flexiva, cunha estrutura sintáctica altamente desenvolvida, require dun minucioso exame da palabra escrita mediante o uso de técnicas de análise e reflexión, o que favorecerá, entre outras cosas, o tratamento adecuado e correcto das linguas propias do alumno.
- No plano histórico-cultural, a sistematización de datos, extraídos de diversos textos, documentos e bibliografías elementais, en traballos persoais ou en grupos, e a súa constatación entre os datos ofrecidos polo mundo actual e o seu contraste con eles resultan elementos complementarios moi útiles para os obxectivos aquí expostos.

- Considerar e apreciar o coñecemento dunha lingua como o mellor medio para a comprensión da cultura do pobo que a utiliza, tendo en conta así que a lingua grega é o principal vehículo dunha literatura e dunha civilización que constitúen a orixe e fonte das occidentais, e que nos axuda a comprender mellor a nosa cultura e modo de pensamento.

En conclusión, o obxectivo primordial desta materia é conseguir que as alumnas e os alumnos alcancen un coñecemento significativo dos aspectos lingüísticos básicos do grego, co que poidan acceder a certos textos literarios orixinais (adaptados) e mellorar o uso das súas linguas. O acceso a estes textos permitiralles coñecer directamente o pensamento dos autores gregos e descubrir a súa vixencia no mundo actual.

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DO CURSO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: 2º BACHARELATO: GREGO II

O proceso de ensino-aprendizaxe desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Perfeccionar e ampliar o coñecemento e o uso dos diversos aspectos fonéticos, morfosintácticos e léxicos da lingua grega adquiridos no curso anterior, para poder interpretar e traducir textos un pouco máis complexos.
2. Coñecer e utilizar os paradigmas morfolóxicos máis regulares da lingua grega e certas estruturas sintácticas non tratadas no primeiro curso.
3. Coñecer e manexar técnicas útiles para descubrir o significado adecuado do léxico de nova presenza nos textos gregos, intentando ampliar o vocabulario básico estudado no curso anterior e utilizando correcta e moderadamente un índice léxico ou un dicionario bilingüe.
4. Aplicar adecuadamente as regras de transcrición-transliteración no paso de palabras gregas ao galego ou castelán, especialmente cos cultismos, antropónimos, teónimos e topónimos que poidan aparecer en textos literarios orixinais.

5. Razoar e deducir o uso e significado de termos gregos nas linguas modernas de cultura, familiarizándose con raíces gregas (étimos) do vocabulario técnico e científico.
6. Repasar e manexar os principais morfemas (prefixos e sufixos) de orixe grega, para formar e recoñecer termos científicos, filosóficos e técnicos de diferentes campos semánticos (helenismos: cultismos, neoloxismos) mediante os procedementos de derivación e composición.
7. Reflexionar sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das linguas, familiarizándose con aqueles rasgos da lingua grega que axudan á comprensión e mellor coñecemento das modernas, en especial da/s súa/ propia/s.
8. Constatar a herdanza do grego, sobre todo a nivel léxico e sintáctico, nas linguas modernas da cultura europea, e valorar esta herdanza como riqueza lingüística e cultural. Analizar, traducir e interpretar textos orixinais (frecuentemente adaptados) de gradual complexidade, extraídos de diversos xéneros, autores e *corpora* da literatura grega, en prosa (textos mitográficos, fábulas e anécdotas, historia, filosofía, técnica, xeografía, oratoria) e algún en verso (tal vez algún fragmento de poesía lírica, de traxedia e/ou de comedia aristofánica), aplicando de modo progresivo os novos coñecementos morfosintácticos e observando as estruturas máis reiteradas nos textos propostos.
9. Ler, interpretar e comentar textos literarios, históricos e filosóficos en versións traducidas (e ocasionalmente en versións gregas adaptadas do orixinal),

captando a súa estrutura e contido conceptual así como tamén os seus valores literarios, ideolóxicos e de pensamento, cunha actitude crítica ante os diversos aspectos dos mundos gregos e actual que tales textos presentan.

10. Ler, nunha adecuada tradución, algunha/s obra/s representativa/s da literatura grega (v.g. unha selección de fragmentos da *Iliada*, unha antoloxía da poesía lírica arcaica e poesía dramática: *Edipo Rei* de Sófocles, e *Asembleístas* ou *Asemblea de mulleres* de Aristofánes) como complemento básico da visión parcial que proporciona o labor de análise e tradución de fragmentos gregos.
11. Adentrarse no estudo dos principais xéneros literarios gregos, nun primeiro contacto global coas épocas, autores e *corpora* básicos da súa literatura, observando a súa pervivencia e influencia no mundo latino e nas literaturas europeas, especialmente nas españolas.
12. Coñecer os rasgos fundamentais do pensamento grego e a súa evolución (dende unha concepción mítica ata a etapa racional da filosofía, da historia e da ciencia), analizando a súa pervivencia a través de tempo e a súa significación actual.
13. Apreciar os valores literarios, estéticos, éticos, ideolóxicos e políticos do mundo grego antigo a través dos textos analizados.

14. Identificar certos aspectos relevantes das culturas arcaica e clásica do mundo grego que perviven na cultura actual, sobre todo en temas de carácter literario, mitolóxico, filosófico e de códigos éticos e de mentalidade.
15. Considerar a creación literaria e os modos de pensamento como formas culturais coas que o legado grego se mostra na actualidade, valorando as súas aportacións ao desenvolvemento ideolóxico e cultural de Occidente.
16. Mostrar interese e familiarizarse co uso oportuno e adecuado de gramáticas (apuntamentos e cadros gramaticais), índices léxicos, manuais de literatura e mitoloxía, edicións literarias traducidas, textos anotados, ou outro tipo de fontes documentais ás que non están acostumadas e acostumados, profundizando así nos múltiples valores e usos das TICs.
17. Definir e delimitar as aportacións culturais do mundo grego en temas relacionados directamente cos contidos doutras materias do currículo (linguas e literaturas, filosofía e ética, historia e xeografía, arte, música, relixión, etc.), integrando saberes e métodos.
18. Considerar e apreciar o coñecemento da lingua grega como medio ideal para acceder ás orixes e fontes da nosa literatura e modos de pensamento occidentais, chegando así a unha mellor comprensión dos códigos literarios e ideolóxicos de Occidente.

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE:

Contidos. 2º Curso

I. A lingua grega

- Revisión da flexión nominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal. Os temas de aoristo, de futuro e de perfecto. Os verbos atemáticos.
- Afondamento na sintaxe: sintaxe dos casos e das preposicións.
- Os usos modais. A subordinación.

II. Os textos gregos e a súa interpretación

- Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución.
- Uso do dicionario.
- Comentario de textos gregos orixinais, preferentemente en ático e na *koiné*.

III. O léxico grego

- Profundar na aprendizaxe do vocabulario.

IV. A literatura grega

- Afondamento nos xéneros literarios gregos a través de textos orixinais e traducidos.
- Influencia da literatura grega nas literaturas occidentais.

V. Actitudes, valores e normas

- Interese por coñecer e valorar aqueles elementos que persisten nas culturas occidentais.
- Interese por coñecer os textos gregos orixinais.

- Valoración dos elementos da cultura grega que se manteñen e inflúen na cultura occidental: literatura, relixión, formas de goberno, espírito científico e institucións.
- Criterios de avaliación
- Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindíbeis para a súa interpretación.
- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.
- Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
- Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso, manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.

TEMPORALIZACIÓN:

PARA GREGO II:

1 – PRIMEIRO TRIMESTRE

Lingua grega

1. Orixe, características xerais e diacronía da lingua grega (revisión e ampliación).
 - a) orixe indoeuropea do grego.
 - b) variedade e unificación lingüística.
 - i. diacronía da lingua grega: do micénico ao grego moderno.
 - ii. breve referencia ás variedades diatópicas e rexistros literarios do grego histórico: dialectos gregos, rexistros con rendemento literario, linguas artificiais.
 - iii. proceso de unificación do grego helenístico: a *koiné*.
2. Fonética: clasificación dos sons e principais regras fonéticas do grego.
3. Morfoloxía nominal e pronominal: revisión e ampliación
 - a) revisión das tres declinacións de substantivos. Algúns substantivos irregulares.
 - b) declinación dos adxectivos nos seus tres graos de significación.
 - c) sistema pronominal de persoais e posesivos; demostrativos (con $\alpha\%toj$) e $\alpha\%toj$.
 - d) números declinables, $e\%j$ e $\alpha\%de\%j$, interrogativo-indefinido tij e relativo $\div j$.

3. Morfoloxía verbal: categorías da conxugación grega (tempo, modo, voz) e elementos morfolóxicos que interveñen na súa identificación.

- a) verbos temáticos (*lio, poieo, deloo*) e *eimí*.
- b) tema de presente nas dúas voces: modo indicativo, imperativo, infinitivo e participio.

5. Aflexivos: revisión e ampliación.

- a) revisión xeral de partículas, nexos coordinantes, correlativos e algúns nexos subordinantes.
- b) revisión xeral das preposicións e as súas variantes fonéticas; as preposicións *aná* e *katá*.
- c) adverbios de modo en -wj; neutros adverbializados; negacións.
- d) algúns nexos subordinantes .

6. Sintaxe: revisión e ampliación.

- a) estruturas sintácticas e fenómenos de concordancia esenciais.
- b) usos e valores sintácticos dos casos con e sen preposición.
- c) diátese verbal (activa, media, pasiva, depoñentes).
- d) visión xeral da subordinación con nexos: completivas, relativas e adverbiais básicas.
- e) estruturas básicas de participio.

Léxico grego

1. Repaso do vocabulario grego básico, seleccionado con criterios morfolóxicos e etimolóxicos.

2. A formación de palabras.
 - a) procedementos de derivación e composición na lingua grega.
 - b) principais prefixos e sufixos de orixe grega no galego e castelán.
 - c) raíces gregas de gran rendemento etimolóxico, especialmente as que corresponden a campos cerrados da gramática grega (adverbios, preposicións, numerais, pronomes).

3. Recapitulación das normas de transcripción de palabras gregas ao galego ou ao castelán (e ao latín).

Legado de Grecia (Literatura grega)

1. Visión global da cronoloxía, dos xéneros, dos autores e dos *corpora* máis representativos da literatura grega antiga.

2. A Grecia arcaica: Xonia de Asia Menor. O Xónico e outros dialectos literarios.

3. A literatura grega arcaica: poesía épica e lírica e orixes da prosa, poñendo énfase na *Iliada* homérica e nalgúns poetas líricos.

4. Os modelos literarios arcaicos (épica e lírica) e a súa influencia nas literaturas latina e europeas.
5. Principais lendas heroicas e ciclos míticos tratados na épica grega: o ciclo troiano (os “regresos”), as figuras de Aquiles, Agamenón e Odiseo. Presencia e tratamento na literatura grega, traspaso a Roma, influencia posterior.

Textos gregos e a súa interpretación

1. Técnicas de análise e tradución de textos literarios: normas e procedementos útiles para poder traducir ao galego e castelán os textos propostos, por medio dunha análise morfosintáctica adecuada e dun uso racional do dicionario.
2. Técnicas de confrontación das estruturas sintácticas observadas nos textos orixinais coas das traducións realizadas.
3. O comentario de textos como fonte de datos: elementos esenciais do pensamento e da literatura gregos a través de textos en versión traducida (e, a poder ser, dalgún orixinal).
4. Rasgos estilísticos e características formais máis marcadas dos principais xéneros literarios gregos traballados: poesía homérica e lírica arcaica.

Xeneralidades sobre a transmisión dos textos antigos: concepcións antiga e moderna dos fenómenos de “libro” e “edición”; principais soportes de

escritura;transmisión: censura, selección e avatares históricos; a *editio princeps* e as edicións actuais

2 – SEGUNDO TRIMESTRE

Lingua grega

1. Morfoloxía nominal e pronominal: revisión e afianzamento do 1º trimestre.

- a) repaso e ampliación dos pronomes interrogativos-indefinidos e dos relativos.
- b) estudo de reflexivos (úaut'n).

2. Morfoloxía verbal: revisión e ampliación do 1º trimestre.

- a) temas de futuro e aoristo sigmáticos nas tres voces: modos indicativo, infinitivo e participio.
- b) constatación da existencia morfolóxica dos modos subxuntivo e optativo.
- c) formas elementais dos verbos atemáticos de $\text{fhm}\acute{\alpha}$ e $\text{d}\nu\text{namai}$, e compostos de $\text{e}\acute{\alpha}\text{m}\acute{\alpha}$.

3. Aflexivos: revisión e ampliación do 1º trimestre.

- a) partículas modais.
- b) negacións compostas.
- c) máis nexos subordinantes.

4. Sintaxe:

- a) usos e valores do optativo (potencial e de desexo).
- b) estruturas de infinitivo: substantivado (infinitivo articular) e con suxeito propio.
- c) esquemas con participio predicativo.
- d) estudo das subordinadas con nexos: tipos de completivas, e relativas.

Léxico grego

1. Vocabulario grego de nova adquisición, seleccionado basicamente con criterios etimolóxicos.

2. A lingua grega e a terminoloxía científica europea.
 - a) vocabulario específico de orixe grega usual nas diversas materias do Bacharelato.
 - b) conexións etimolóxicas co léxico actual da educación, o pensamento, a relixión e a mitoloxía, a arte, a política, a lingüística e a literatura.

Legado de Grecia (Literatura grega)

1. A Grecia clásica: Atenas (o dialecto ático).

2. A literatura grega clásica: poesía dramática (traxedia e comedia) e prosa (historia, filosofía, ciencia e oratoria).

3. O teatro grego: orixe e evolución; características xerais; festivais dramáticos; diferencias e analogías co contemporáneo.
4. Modelos literarios clásicos (drama e prosa) e influencia nas literaturas latina e europeas.
5. Principais lendas heroicas e ciclos míticos tratados na poesía trágica grega: os ciclos tebano e tesalio, as figuras de Edipo, Medea e Xasón. Presencia e tratamento na literatura grega, traspaso a Roma, influencia posterior

Textos gregos e a súa interpretación: Igual ao 2º trimestre, modificando o 4º punto:

1. Rasgos estilísticos e características formais máis marcadas do xénero dramático.

3 – TERCEIRO TRIMESTRE

Lingua grega

1. Morfoloxía nominal, pronominal e verbal: revisión, afianzamento e últimos “retoques” do visto.
 - a) tema aoristo radical (temático) nas dúas voces: modos indicativo, infinitivo e participio.
2. Aflexivos: nexos subordinantes ÷tan, ùpβn, ùβn, e outros.
3. Sintaxe: revisión e ampliación de todo o anterior.

- a) optativo de subordinación (oblicuo) e subxuntivo de subordinación (con ©n).
- b) o participio/xenitivo absoluto.
- c) estudo das subordinadas con nexos: tipos de adverbiais ou circunstanciais.
- d) visión global dos tipos de subordinación, e principais criterios e marcas de identificación (conxuncional, pronominal, infinitivos e participios).

Léxico grego

1. A lingua grega e a terminoloxía científica europea.

- a) vocabulario específico de orixe grega usual nas diversas materias do Bacharelato.
- b) conexións etimolóxicas co léxico actual da xeografía e a astronomía, a música, o deporte, as ciencias naturais, a medicina, a matemática e tecnicismos en xeral.

(NOTA: os contidos dos dous bloques seguintes só se impartirán se o tempo disponible fose suficiente, e en calquera caso dun modo xenérico e “panorámico”).

Legado de Grecia (Literatura grega)

- 1. A Grecia helenístico-romana: Alexandría e a ampliación do ámbito cultural grego (*koiné*).

2. A literatura helenística: comedia “nova”, poesía alexandrina, biografía e historiografía “universal”, escolas filosófico-éticas de Atenas, tratados científicos, prosa de ficción e novela.
3. Os modelos literarios helenísticos (ensaio, tratados técnicos, prosa novelesca) e a súa influencia na literatura latina e nas literaturas europeas.
4. Conclusións xerais sobre a evolución dos xéneros literarios gregos e a súa pervivencia.

Textos gregos e a súa interpretación. Igual ao 2º trimestre, modificando o 4º punto:

1. Rasgos estilísticos e características formais máis marcadas dos principais xéneros literarios helenísticos traballados.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A

MATERIA:

*Váiselles entregar aos alumnos, ao principio do curso, unha especie de esquema ou folla-resumo cos contidos mínimos de promoción e calificación (vid. **Apéndices** desta programación).*

Para superar o primeiro curso de Grego do Bacharelato é necesario, en primeiro lugar, que os alumnos se expresen en galego ou en castelán de maneira aceptable.

Deben ser capaces, no que se refire a **Lingua e Textos**, de traducir frases e/ou pequenos textos gregos en prosa, coa morfosintaxe elemental, e máis frecuente; deben coñecer a forma e uso de todos os casos das tres declinacións (paradigmas máis regulares), os pronomes demostrativos e anafórico, e os tempos verbais máis frecuentemente traballados na clase, así como ter unha idea básica e clara sobre a orde de palabras e a estrutura da oración, e coñecer tamén un vocabulario grego mínimo (o de maior rendemento etimolóxico, que é o máis utilizado na clase); en canto a palabras gramaticais, as preposicións e conxuncións máis usuais.

Deben tamén, no capítulo do **Léxico**, saber aplicar as normas básicas de transcripción-transliteración do grego ao galego (ou castelán), relacionar raíces gregas coñecidas, que aparezan nos textos, con helenismos (cultismos, tecnicismos, neoloxismos) da/s súa/s lingua/s, dos cales deben coñecer o seu significado. Tamén deben saber analizar etimolóxicamente termos casteláns derivados de raíces básicas gregas, recoñecendo así mesmo os principais prefixos e sufixos de orixe grega.

Por último, no capítulo do **Legado de Grecia**, deben ser capaces de contestar de forma breve, coherente e razoada preguntas sinxelas acerca dos principais aspectos do mundo grego vistos na clase ou nas súas lecturas: orixe e historia da lingua e escritura gregas, marco xeográfico, cronoloxía xeral, acontecementos básicos da historia e da civilización gregas, cuestións mitolóxicas tratadas na clase. Tamén deberán poder comentar aceptablemente textos sobre aspectos do mundo antigo vistos na clase.

Deben pois, ter unha idea xeral da importancia da lingua e da civilización grecorromanas no mundo actual. O esperable é que os alumnos vaian adquirindo uns hábitos de traballo que lles permitan acceder a estes coñecementos, e que eses hábitos se vexan reforzados pola maneira de traballar na clase esta asignatura.

Para superar o segundo curso de Grego do Bacharelato é necesario, en primeiro lugar, que os alumnos se expresen en galego ou en castelán de maneira aceptable.

Deben ser capaces, no que se refire a **Lingua e Textos**, de traducir textos gregos breves de complexidade non excesiva (basicamente en prosa e do tipo dos traballados na clase, xa mencionados anteriormente nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación); deben coñecer aceptablemente ben a morfosintaxe grega practicada nos textos traballados, así como ter unha idea básica e clara dos principais procedementos de subordinación (sobre todo, recoñecer e traducir certas construcións de infinitivo e participio específicas da lingua grega); deberán coñecer tamén un vocabulario grego mínimo (igual que no caso de Grego I, o de maior rendemento etimolóxico, que ademáis sempre coincide con aqueles étimos ou raíces nos que máis se insiste nas clases), e saber utilizar con parsimonia e intelixencia o dicionario bilingüe (ou ben, un listado ou índice léxico

substitutivo do máis complexo dicionario, elaborado ao longo do curso para facilitar os labores de memorización e tradución do alumno).

No capítulo de **Léxico** deben reforzar e perfeccionar os métodos e procedementos do primeiro curso: saber aplicar as normas básicas de transcripción-transliteración do grego ao galego (ou ao castelán), relacionar raíces gregas coñecidas, que aparezan nos textos, con helenismos (cultismos, tecnicismos, neoloxismos) da/s súa/s lingua/s, dos cales deben coñecer o seu significado. Tamén deben saber analizar etimoloxicamente termos galegos e/ou casteláns derivados de raíces básicas gregas, recoñecendo así mesmo os principais prefixos e sufixos de orixe grega.

Por último, no capítulo do **Legado de Grecia**, deben ser capaces de contestar de forma breve, coherente e razoada preguntas sinxelas acerca dos principais aspectos da historia da lingua e sobre todo da literatura grega, vistos na clase ou nas súas lecturas. Tamén deberán poder comentar aceptablemente textos e fragmentos das obras literarias programadas para a súa lectura, comentario e análise, ou para a factura de pequenos traballos sobre as mesmas (basicamente épica e traxedia, e por suposto en versións traducidas).

Deben, como consecuencia, ter unha idea xeral, pero tamén máis completa e matizada, acerca da importancia da lingua e da literatura grega como patrimonio fundamental do mundo occidental.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

As técnicas de avaliación que se deben aplicar na materia de Grego deben estar condicionadas polo propio carácter desta disciplina:

- Posúe un carácter claramente continuo e sumativo, inherente ao estudo de conceptos e procedementos maiormente lingüísticos.
- A parte lingüística posúe un carácter eminentemente “gráfico”, no sentido de Grego como lingua escrita, para ser lida, analizada, reflexionada, traducida nos seus textos, relacionada con outras linguas do currículo, e estudada dun modo relativamente pasivo; non para ser falada nin levada á práctica oral (como é o caso do estudo de linguas estranxeiras modernas).
- Contemplan o coñecemento dunha lingua como medio para acceder á cultura do pobo ou civilización que nela se expresa, e para comprender mellor os fundamentos da nosa propia lingua e da nosa civilización.
- Os textos proporcionan elementos de información que permiten alcanzar unha visión axustada da evolución do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta idea deriva da estreita relación existente entre os catro bloques de contidos propostos (por medio da hermeneútica de textos), de tal xeito que tamén o proceso de avaliación se verá afectado continuamente por ese alto índice de interrelación entre contidos: o tratamento didáctico dun pequeno texto orixinal (lectura, análise dende diversas ópticas, comprensión, tradución, realización de exercicios e actividades varias acerca do mesmo, etc) resulta un método útil para integrar un gran número de criterios de avaliación, enlazando deste modo o estudo da lingua, do léxico, dos textos e do legado histórico-cultural.

Ademais, a avaliación debe encamiñarse a detectar os posibles erros que se poidan producir no proceso continuo de ensino-aprendizaxe da materia.

Adoptaranse puntos de vista flexibles para medir o nivel de cumprimento dos criterios de avaliación, evitando facelo dun xeito mecánico:

- O profesor debe analizar traballos ou tarefas de clase de distinto tipo (individuais ou en pequenos grupos; elaborados na aula, fóra da aula, ou dun modo mixto): traballos de síntese, de afianzamento dos contidos tratados, manifestacións razoadas de opinións nas explicacións, de entrevistas ou pequenas probas orais, etc.
- Debe observarse de modo continuo, periódico e riguroso o traballo diario da alumna e do alumno, quedando rexistrado (a poder ser) no diario de clase. A asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para a materia son requisito fundamental no proceso de avaliación continua das alumnas e os alumnos.
- Con todo, os exames, as probas obxectivas e escritas con carácter individual e periódico, resultarán moi útiles para a avaliación formativa así como para o carácter propedeútico que en boa medida se lle atribúe ao Bacharelato.

Como punto de partida poderíase realizar unha avaliación inicial das alumnas e os alumnos, para comprobar as expectativas postas na asignatura e observar de modo xeral os seus coñecementos previos.

Certas clases, as dedicadas a repasar, recompilar, afianzar e avaliar contidos xa tratados, presentaranse como diálogo entre profesor e alumnos, a fin de ser observada a súa actitude ante a materia e de ter unha idea acerca do seu grao de asimilación de conceptos e procedementos.

Dado o carácter da materia, imos aplicar a avaliación continua, dándose por supostos en cada avaliación os coñecementos adquiridos nas avalacións anteriores. As traducións realizadas na clase ou fóra dela suporán ata un 10% da nota do curso.

A cualificación final obterase cunha media ponderada das notas das avaliacións. Primeira e segunda avaliacións cun peso dun vintecinco por cento respectivamente. A terceira será dun cincuenta por cento posto que incluírá os contidos de todo o curso. No caso de non acadar o cinco realizarase unha proba global de recuperación. O método de redondeo será o método ISO.

Na **convocatoria extraordinaria** a calificación procederá íntegramente do exercicio escrito. Para aprobar é necesario obter una nota igual ou superior a 5 sobre 10.

En calquera proba realizada a copia por parte do alumnado suporá a anulación do exercicio cunha nota de cero.

Para os coñecementos científicos e técnicos que deben adquirir na primeira parte de cada trimestre:

- Observación diaria.
- Debates, intervencións orais.
- Probas mediante o uso do ordenador.
- Probas escritas, tipo test, de pregunta corta, de pregunta larga, mapas conceptuais, etc.
- Autoavaliación dos alumnos.

Para valorar o traballo de investigación que normalmente se realizará na segunda parte do trimestre:

- Bosquexo.
- Soporte escrito que corresponda ao traballo de investigación rematado.
- Memoria escrita.
- Comunicación dos resultados: exposición oral, elaboración de presentacións, vídeos, etc.

- Traballo en equipo.
- Respecto das normas.
- Autoavaliación dos alumnos.
- Valoración do traballo do alumno ou alumna por parte dos seus compañeiros.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A

MATERIA:

Para os coñecementos científicos e técnicos que deben adquirir na primeira parte de cada trimestre:

- Observación diaria.
- Debates, intervencións orais.
- Probas mediante o uso do ordenador.
- Probas escritas, tipo test, de pregunta corta, de pregunta larga, mapas conceptuais, etc.
- Autoavaliación dos alumnos.

Para valorar o traballo de investigación que normalmente se realizará na segunda parte do trimestre:

- Bosquexo.
- Soporte escrito que corresponda ao traballo de investigación rematado.
- Memoria escrita.
- Comunicación dos resultados: exposición oral, elaboración de presentacións, vídeos, etc.

- Traballo en equipo.
- Respecto das normas.
- Autoavaliación dos alumnos.
- Valoración do traballo do alumno ou alumna por parte dos seus compañeiros.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

- **Utilización do material e dos recursos didácticos. O dicionario bilingüe.**

Seguindo as directrices marcadas polo profesor, o alumno deben desenvolver certas técnicas de traballo intelectual de planificación, procura, indagación, recompilación e sistematización da información recollida en documentos e fontes bibliográficas de diversa índole (léxicos, edicións de textos, revistas, material audiovisual, consultas en internet, etc), obtendo datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura do mundo grego.

Débase prestar especial atención ao uso que a alumna e o alumno faga do dicionario bilingüe no momento de realizar a análise e a tradución de frases e textos gregos. Tal e como se recolle no Decreto do currículo do Bacharelato da Comunidade de Galicia (Decreto 126/2008, do 19 de xuño), desaconsellamos o uso do dicionario no primeiro curso, para que alumna e o alumno se habitúe a análise gramatical previa e, por medio da comparación con helenismos da súa

lingua, consolide un vocabulario grego de uso frecuente. Mesmo estamos estudando a posibilidade de buscar novos métodos para poder reducir o seu uso no segundo curso (un uso excesivo e abusivo, tal e como nolo vén mostrando, ano tras ano, a experiencia docente).

Xa en **Grego II**, o uso do dicionario (ou un índice léxico substitutivo) ha ser maior, pero sempre dun modo correcto, sen menoscabo dunha relativa memorización de vocablos útiles pola súa frecuencia en determinados autores ou xéneros literarios estudados. Tras insistir en que se trata dunha ferramenta máis da que non convén abusar, iniciarase á alumna e ao alumno nas técnicas de uso do mesmo, e utilizarase para textos con léxico novidoso e descoñecido. O vocabulario básico de Grego I debe ser aumentado.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Como método obxectivo de control do proceso de aprendizaxe e progreso dos alumnos, mantemos a periodicidade de exames individuais escritos, complementados coa observación do traballo diario e da participación de cada alumna e alumno na clase. Todo isto calificarase seguindo os criterios de avaliación específicos para cada un dos dous cursos (*vid. supra* **Criterios de avaliación** así como tamén **Criterios de promoción ou Mínimos esixibles**, para cada un dos dous cursos, Grego I e Grego II).

As **probas periódicas escritas** serán, polo xeral, de dous tipos:

- Os exames de “contidos A” (aproximadamente dous por trimestre) serán probas eminentemente prácticas sobre os bloques de contidos de lingua-gramática, tradución de textos e léxico-etimoloxías. Consistirá na tradución e interpretación de frases ou pequenos textos (e circunstancialmente en análises morfosintácticas parciais ou comentarios de texto de diversa índole), complementándose con exercicios de formación de palabras e análise etimolóxica (análise de étimos gregos en palabras da/s súa/s propia/s lingua/s, dedución de palabras actuais derivadas de raíces gregas estudadas, localización de prefixos e sufixos, etc.).
- Os exames de “contidos B” (un ou dous por trimestre) serán sinxelas probas de contido máis teórico sobre cultura-civilización-legado (contidos de Literatura en Grego II), aínda que non se descartan cuestións breves e puntuais dende a lectura e comprensión dun texto (en versión traducida) ou actual.

Nos exercicios escritos temos moi en conta a comprensión e a claridade e corrección na expresión: sendo estritamente correctos, unha resposta nunca debería ser calificada coa máxima nota se contén faltas ortográficas ou graves erros sintácticos. Nas traducións e comentarios valórase especialmente a comprensión global do texto, atendendo á sintaxe dun modo especial; nas cuestións máis teóricas, a precisión e a coherencia das respostas.

Se un texto proposto para traducir consta de varias oracións, cada unha delas puntúase por separado segundo a súa dificultade e extensión. Á hora de calificar un texto, consideramos que os erros máis leves son os léxicos (os consistentes en traducir mal unha palabra solta sen maiores consecuencias); na escala de gravidade, a estes séguenlles os morfolóxicos (isto é, tradución errónea dalgunha categoría dunha palabra flexiva) e, por último, os máis graves son os sintácticos (v.g., non recoñecer o verbo principal ou mesturar sintagmas pertencentes a dúas oracións distintas).

Calificación trimestral:

- Nas probas escritas, os contidos **A** aportarán un 50% da nota de avaliación, e os contidos **B** un 40%. O 10% restante pasará a formar parte da sección que recibise un maior tratamento didáctico ao longo do trimestre.
- A nota mínima para aprobar a avaliación será de 5 sobre 10.
- Pese a que a fonte principal e máis obxectiva da calificación estará nestes exercicios escritos, tamén se terá en conta a ocasional factura de pequenos traballos de investigación (normalmente relacionados cos contidos **B**) sobre temas propostos, sobre a lectura de libros, ou sobre actividades complementarias fóra da aula (individualmente ou en grupo).

- A intervención en clase e a observación do labor persoal e diario do alumno poderán “matizar” e influir positivamente na nota (sobre todo en posibles “casos dubidosos”). Así mesmo, a expresión escrita e oral dos alumnos ha ser aceptable, valorándose negativamente o exceso de faltas de ortografía ou unha moi deficiente expresión sintáctica.

A **avaliación continua** da materia implica que:

- Con dous exames de contidos A por trimestre, o segundo tamén serve para recuperar o primeiro.
- Considérase recuperada unha avaliación ao aprobar a seguinte.
- A nota final da asignatura procede da media ponderada das tres calificacións trimestrais do curso (sempre tendo en conta a norma anterior: 25-25-50).
- Por iso os exames específicos de recuperación serán necesarios só no caso de que non se acade un 5.
- O método de redondeo será o método ISO.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

- Interese e valoración da lingua grega pola súa aportación ó vocabulario común e culto das linguas modernas.
- Interese por descubrir os prefixos máis frecuentes dos que se serven as linguas modernas no seu proceso de creación de vocábulos científicos, técnicos ou de cultura en xeral.
- Interese por coñecer e valorar aqueles elementos que persisten nas culturas occidentais.
- Interese por coñecer os textos gregos orixinais.
- Valoración dos elementos da cultura grega que se manteñen e inflúen na cultura occidental: literatura, relixión, formas de goberno, espírito científico e institucións.
- Criterios de avaliación
- Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindíbeis para a súa interpretación.
- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.
- Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
- Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso, manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.

- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES:

Dependerá de cada circunstancia en cada curso correspondente. Será unha atención individualizada e concretada en varias probas que non excluirán o exame prescriptivo de maio.

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS:

Partindo do feito de que a presenza do Grego no Bacharelato debe concebirse máis como un ciclo que como a suma de dous cursos sucesivos e inconexos, a avaliación final da alumna e do alumno que curse a disciplina de **Grego II**, con contidos claramente progresivos con respecto ao **Grego I**, estará supeditada á calificación positiva daquela (é dicir Grego II), ntal como se recolle no artigo 3.6 da Orde de 24 de xuño, do 2008, sen ter que supeditarse ao artigo 3.7 da mesma orde.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL:

As medidas tomadas estarán en consonancia coas do Departamento de Latín e afectarán á competencia lingüística dos alumnos e alumnas e ao seu coñecemento previo da cultura grega berce da cultura occidental.

Faráse unha proba para determinar o grao de coñecemento (ou descoñecemento) e actuaráse dacordo cos seus resultados, intentando subsanar as posibles carencias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

A atención á diversidade débese abordar mediante estratexias orientadas a proporcionar a posibilidade de ofrecer diferentes niveis de actuación co alumno, tanto no que se refire a contidos que requiren un reforzo como aos que son susceptibles dunha ampliación.

Estas actividades tratan de proporcionar material para que o profesor adopte as medidas oportunas no momento adecuado. Así, por exemplo, propóñense actividades de lectura que recordan conceptos xa aprendidos en unidades anteriores, de maneira que aqueles alumnos e alumnas que requiran un reforzo neste sentido poidan realizalas. Tamén se indican actividades que profundizan e amplían os contidos que se están traballando.

Neste sentido, non só se contempla aos alumnos e alumnas que presenten problemas na aprendizaxe, senón tamén a aqueles outros que poidan estar en condicións de profundizar no estudo dos contidos. Igualmente debemos programar algunhas medidas

de atención específica (en coordinación con outros departamentos) ao alumnado procedente do extranxeiro tal e como dispón a LOE.

Así para este curso este departamento atenderá estratexias como:

- Vanse establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade `para algún.
- Como xa se fixo mención, esta programación inclúe actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- En caso necesario se formarán agrupamentos dentro do grupo que favorezan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Estableceranse distintos prazos para a realización das actividades en función do ritmo de aprendizaxe detectado en cada alumno.
- No apartado de recursos pódese comprobar o diferenciado das propostas de materiais a utilizar durante o curso en función das necesidades do alumnado.
- Vanse contemplar criterios de avaliación para os diferentes graos de logro.
- Distribuiranse ao longo do curso actividades de reforzo, ampliación e recuperación para equiparar aos alumnos na consecución de logros e non prexudicar aos que teñan que esperar polos demais.

Non se pasará por alto nos contidos actitudinais e procedementais o que marcas as seguintes leis:

1. Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres y homes (BOE N° 71, de 23 de marzo de 2007).
2. Lei 7/2004 galega para a igualdade de mulleres y homes.

3. Lei 2/2007 de traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG do 13 de abril de 2007), que modifica a anterior e a amplía.
4. Decreto 229/2011 pol que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. CRITERIOS DE AVALUACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA
6. O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia .
7. O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame
8. En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumplan as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.
9. A nota do exame será a nota da avaliación.
10. No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizarase a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.
11. A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.
12. Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.
13. En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.
14. No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

15. O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerarase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).
16. Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).
- 17.

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

CRITERIOS DE AVALUACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia .

O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame

En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.

A nota do exame será a nota da avaliación.

No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizarase a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.

A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.

Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.

En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.

No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerarase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Identificar certos aspectos relevantes das culturas arcaica e clásica do mundo grego que perviven na cultura actual, sobre todo en temas de carácter literario, mitolóxico, filosófico e de códigos éticos e de mentalidade.

Considerar a creación literaria e os modos de pensamento como formas culturais coas que o legado grego se mostra na actualidade, valorando as súas aportacións ao desenvolvemento ideolóxico e cultural de Occidente.

Mostrar interese e familiarizarse co uso oportuno e adecuado de gramáticas (apuntamentos e cadros gramaticais), índices léxicos, manuais de literatura e mitoloxía, edicións literarias traducidas, textos anotados, ou outro tipo de fontes documentais ás que non están acostumadas e acostumados, profundizando así nos múltiples valores e usos das TICs.

Definir e delimitar as aportacións culturais do mundo grego en temas relacionados directamente cos contidos doutras materias do currículo (linguas e literaturas, filosofía e ética, historia e xeografía, arte, música, relixión, etc.), integrando saberes e métodos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E

EXTRAESCOLARES:

Intentarase levar a cabo un mínimo de actividades complementarias e extraescolares, que poidan axudar a que o alumno comprenda mellor o mundo clásico en xeral, tanto no que se refire ao Latín como ao Grego. Na medida do posible, e sempre dependendo da oferta cultural da zona xeográfica e do propio centro, poderíase chegar a organizar visitas de estudo a museos arqueolóxicos e escavacións, asistencia a representacións de obras clásicas ou de inspiración clásica que se nos oferten, así como a exposicións e actos culturais relacionados cos nosos temas (en caso negativo, vaise recorrer a internet para compensar as deficiencias que a falta de oferta poida ocasionar, é dicir, visita a museos virtuais ou rutas que as circunstancias non nos permitan cubrir).

En colaboración con outros Departamentos (sobre todo co de Latín), procurarse organizar, tanto para as alumnas e os alumnos de Cultura Clásica como para as alumnas e alumnos de Bacharelato, unha viaxe para asistir ás **Xornadas de Teatro Grecolatino** que, estimamos, se celebrarán a próxima primavera. Estamos á espera de recibir programación e datas.

Ofertarase as alumnas e aos alumnos a participación no concurso “**Odisea 2023**”, a celebrar a finais de xaneiro e principios de febreiro, que consiste nun concurso de preguntas e respostas con límite de tempo sobre temas do mundo clásico a realizar por internet.

Ademais se intentará colaborar, na medida do posible, nalgunha actividade organizada por outros departamentos sempre e cando se observe algunha conexión co mundo clásico para maior proveito do alumnado.

Se é posible realizarase unha **viaxe de estudos a Grecia en colaboración coa SEEC**.

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

O departamento de Grego inclúe este apartado na súa programación a instancias da autoridade educativa, pero non entende como unha programación que xa inclúe este ítem como principio estruturador da práctica docente ten que contemplalo de forma illada. Con todo, entende que as referencias precisas poden axudar ao normal desenvolvemento que os diversos axentes da actividade docente teñen ao seu cargo, analizamos neste epígrafe a aportación deste departamento didáctico ao Proxecto lector do centro.

Unha primeira consideración diríxese a que este departamento didáctico participa activamente no grupo de dinamización da biblioteca do centro e que estrutura a súa aportación ao Proxecto Lector dentro das actividades da Biblioteca do centro (en concreto, moitas das lecturas que se van expoñer aquí divulgaranse de forma gratuíta a través do blog da Biblioteca do centro).

A segunda consideración e tomando partido polas institucións internacionais, estatais e autonómicas, que nas súas disposicións legais e actualmente vixentes consideran que a Biblioteca e o órgano estruturador da divulgación do coñecemento humano, este

departamento didáctico entende que a súa aportación ao Proxecto Lector debe articularse en base a dous ámbitos: o ambulatorio (actividade fóra da aula) e o localizado no centro (dentro da aula e no horario lectivo correspondente).

Segundo estes criterios, mencionamos aquí (sen ánimo de ser exhaustivo) as múltiples referencias que na programación didáctica apuntan ao primeiro ámbito, é dicir, a actividade dentro do Proxecto Lector fóra da aula e que poden consultarse nas páxinas desta programación didáctica.

Corresponde agora falar do labor localizado no centro (dentro da aula e no horario lectivo correspondente) e o faremos atendendo á estrutura desta programación docente, dividindo as lecturas por niveis e trimestres.

Así para **2º de Bacharelato**:

No primeiro trimestre:

Iliada, especialmente os cantos I, VI, XVI, XXII.

Unha antoloxía da poesía lírica arcaica, entre o primeiro e o segundo trimestre:

Edipo Rei de Sófocles.

No terceiro trimestre:

Asembleístas ou *Asemblea de mulleres* de Aristófanes

A todas estas lecturas hai que engadir as regulares na aula e recollidas no libro de texto que complementan diversos contidos das unidades didácticas que se están a desenvolver nese momento.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

O labor deste departamento didáctico no ámbito das TICs non deixa de compartir aspectos cos do Proxecto Lector, é dicir, non se pode entender o labor docente sen a integración das TICs na actividade cotiá. Este feito supón que actividades que antes se facían nuns soportes máis tradicionais, hoxe en día hai que trasladalos a outros soportes, sexan informáticos, infográficos ou audiovisuais.

Neste sentido, este departamento didáctico colabora activamente con diversos órganos do centro para a difusión destas non tan novas formas de traballo, pero, ao mesmo tempo, está á espera de que a administración e a dirección do centro poña a disposición de todas e todos o soporte para poder traballar nestes formatos. O que se pretende dicir e que a dotación dos centros segue a ser insuficiente para cubrir toas as necesidades e que a dirección dos centros relega aos grupos máis minoritarios (como poden ser aqueles dos que se encarga este departamento didáctico) ás instalacións peor dotadas do centro en función do número de alumnos. Ano tras ano, confiamos na boa vontade de ambas institucións co mesmo resultado, un mantemento da situación que obriga a compartir cos demais os espazos ben dotados e maioritariamente demandados e a intentar corrixir as carencias que algúns alumnos nos comunican (non ter acceso a internet no seu ámbito familiar e estar nunha posición discriminada dentro do centro).

Con todo, este departamento didáctico contempla diversas posibilidades dentro do campo das TICs.

Como xa se ten dito, traballo activo e colaboración con outros órganos do centro para a dinamización deste tipo de tecnoloxías. En concreto e aludindo as actividades

extraescolares e complementarias, organiza, xunto co departamento de Latín a participación do alumnado nun concurso a través de internet coa colaboración da Biblioteca e da Dirección do centro (páxina 4 desta programación didáctica).

Utiliza estas novas tecnoloxías na elaboración de materiais e recursos didácticos e a súa divulgación entre o alumnado (páxina 12 desta programación didáctica), como xa se mencionou no apartado correspondente ao Proxecto Lector, aínda que non só exclusivamente referido a este (moitos destes materiais son máis de tipo lingüístico que literario e menos axeitado para a lectura segundo os parámetros recoñecidos polo Proxecto Lector do centro).

O labor do profesor vaise concretar guiando e seleccionando as diversas ferramentas que o alumnado ten a súa disposición, procurando facilitarlles o seu achegamento a elas e orientando o seu uso ou enfocando o interese entre as múltiples posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.

Concretando este último aspecto do labor docente, este departamento suxire recursos como:

Para **pizarra dixital**:

- Portais e índices de recursos:

- <http://www.culturaclasica.com>

- <http://www.estudiosclasicos.org>

- <http://seecgalicia.org>
- Blogs dinámicos (e listaxes de correo):
 - <http://www.blog.pompilos.org>
 - <http://www.extremaduraclasica.com/bitacora>
 - <http://lsv.uky.edu/archives/classics-1.html>
- Recursos atractivos:
 - <http://www.wingedsandals.com>
 - <http://www.pbs.org/empires/thegreeks>
- Imaxes:
 - <http://www.stoa.org/metis>
 - <http://www.culture.gr>

Para PCs:

- Textos:
 - <http://www.perseus.tufts.edu>
 - <http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html>
- Publicacións científicas:
 - <http://www.agathe.gr/publications.html>
 - <http://www.ajaonline.org/index.php>
- Software recomendado (habrá que atender actualización).
 - <http://www.feedreader.com>
 - <http://www.blogia.com>

ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:

Este departamento establece como obxectivos para contribuír ao plan de convivencia do centro:

- Educar ao alumnado para a convivencia democrática, traballando na práctica docente a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respetar a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir e facer cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito de súa competencia.
- Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixindo e pondo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informar ás familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumplimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.

Controlar as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MELLORA DA PROPIA PROGRAMACIÓN SEGUNDO OS RESULTADOS

OBTIDOS: Ensino semipresencial e á distancia.

Este departamento didáctico ven desenvolvendo anualmente os seguintes procedementos dende estes niveis:

Nivel alumnado:

- Enquisas sobre intereses, valoración e aproveitamento do levado a cabo da programación.
- Entrevistas, a nivel individual ou en grupo, sobre diversos aspectos que se vaian comprobando ao longo do curso.
- Análise co alumnado dos resultados que vaian obetndo nas distintas avaliacións.

Nivel profesorado:

- Análise da marcha do curso coas medidas a adoptar, tal como se reflicte nas actas do departamento.
- Actividades multidisciplinares, recollida de información sobre como o resto do profesorado percibe o desenvolvemento desta programación nas súas propias materias.
- Resultados das ABAU, que confirman a conveniencia ou indica os problemas a solucionar. A revisión por profesores alleos o centro sempre ofrece unha visión máis obxectiva.

Nivel administración:

- Novidades legais que poidan ir aparecendo, hai que incorporalas á programación tal como se fai este curso académico.
- Atención ao que teña que dicir o grupo de traballo da CIUG, sobre a conveniencia ou inconveniencia do programado.
- Recomendacións por parte da autoridade administrativa sobre o traballo desenvolvido, aspecto que neste centro vense realizando na comisión de coordinación pedagóxica.
- Debido ás circunstancias especiais de cursos anteriores provocadas pola COVID, se hai que impartir ensino a distancia ou semipresencial farase por medio da aula dixital e atendendo personalmente ao alumnado cos seus correos electrónicos. Os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación serán similares aos presenciais dentro do posible

INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

Tradicionalmente, vense realizando un labor de exposición pública do contido nesta programación en forma de resumo orientativo para que o alumnado poida coñecer a que se vai enforntar e que se vai solicitar del. Este departamento desenvolve ese labor co que ao longo desta programación vense chamando *Apéndices*, que quedan recollidos a continuación.

2º Bacharelato

Contidos mínimos

A – Lingua, Textos, Léxico: repaso e ampliación de Grego I.

1. Fonética: principais regras internas e de transcripción.
2. Morfoloxía:
 - a. paradigmas nominais, pronominais e verbais.
 - b. preposicións, conxuncións, adverbios e partículas básicas.
3. Sintaxe: análise e tradución de textos (orixinais ou adaptados) en ático e *koiné*.

- a. sintaxe básica, casos e funcións, fenómenos de concordancia.
- b. principais nexos coordinantes e subordinantes.
- c. esquemas de infinitivo e participio.
- d. estruturación de oracións subordinadas (completivas, relativas e adverbiais).

4. Léxico, etimoloxías:

- a. vocabulario e raíces básicas.
- b. formación de palabras: principais prefixos e sufixos de orixe grega.
- c. análise etimolóxica de helenismos (cultismos, tecnicismos, neoloxismos).

B – Cultura e civilización: a literatura grega antiga.

1. Marco xeográfico, cronolóxico e dialectal da antiga Grecia. Os dialectos literarios.
2. A literatura grega por etapas cronolóxicas, xéneros, autores e *corpora* representativos.
3. Principais lendas e ciclos míticos tratados nos xéneros épico e tráxico.
4. O pensamento grego: o mito oral fronte á prosa filosófica, histórica e científica.
5. Transmisión, pervivencia e influencia.

- Lecturas (en versión traducida) e pequenos traballos.
 - Lecturas máis probables:
 - Homero, *A Ilíada* (cantos seleccionados pola CIUG).
 - Juan Ferraté, *Líricos griegos arcaicos*, ed. Acantilado.
 - Sófocles, *Edipo Rey*, (versión de F. R. Adrados), ed. Clásicas.
 - Aristófanes, *Asembleístas* ou *Asemblea de mulleres*, ed. Galaxia.

- Bibliografía básica:
 - Edicións traducidas das obras de lectura.
 - Apuntamentos e materiais, aportados polo profesor ou polas alumnas e os alumnos.
 - Manuais de historia, mitoloxía e literatura gregas.

Criterios de promoción e calificación

- Probas periódicas escritas:
 - contidos **A**: unha ou dúas por trimestre.
 - contidos **B**: unha por trimestre (pode ser fragmentada).

- Lecturas e pequenos traballos de investigación sobre algúns contidos B (ver Lecturas).

- Expresión oral e escrita en galego ou en castelán (ortografía e expresión sintáctica).
- Participación na clase e labor diaria.

Calificación trimestral:

- Probas escritas:
 - contidos **A**: 50% do total.
 - contidos **B**: 40% do total.
- Nota mínima para aprobar: **5** sobre 10.
- A expresión escrita, a intervención na clase e a observación do traballo persoal e diario “matizan” e inflúen positivamente na calificación trimestral (ata un 10%).

Avaliación continua da materia:

- Se hai dous exames de contidos **A** por trimestre, o segundo tamén serve para recuperar o primeiro.
- Considérase recuperada unha avaliación ao aprobar a seguinte.
- A nota final da asignatura procede da ponderación das tres calificacións trimestrais do curso (sempre tendo en conta a norma anterior).

- Por todo iso, non serán necesarios exames específicos de recuperación (agás situacións puntuais).

- A nota final da asignatura procede da media das tres calificacións trimestrais do curso (sempre tendo en conta a norma anterior).

Convocatoria Extraordinaria:

- Proba escrita sobre contidos mínimos **A e B**.

- Nota mínima para aprobar: **5** sobre 10.

[Para calquera consulta, podédesvos dirixir directamente ao voso profesor, e/ou tendes á vosa disposición a Programación Didáctica detallada no Departamento de Linguas Clásicas].